

Alumnado do Ciclo Superior de Administración e Finanzas (Dual) tiveron a oportunidade de realizar unha viaxe de inmersión lingüística e cultural a Malta dende o 18 ó 21 de novembro, acompañados polas súas titoras.

A viaxe comezou visitando a cidade Valleta a pé, explorando os cautivadores xardíns de Upper Barrakka con impresionantes vistas do Gran Porto e das Tres Cidades. Descubriron monumentos como a Concatedral de San Juan, o Palacio dos Grandes Maestres e o Forte de San Telmo.

O segundo día foron a Mdina “Cidade do Silencio”, e antiga capital de Malta, pasearon polas sinuosas rúas bordeadas de casas nobres, conventos e palacios. Percorrido turístico pola Catedral de Malta e chegada ás fortificacións, que ofrecen impresionantes vistas da campiña maltesa e gran parte da illa. Tamén visitaron Rabat e lugares próximos de interese cultural.

Ó día seguinte viaxaron cara a Panorama, onde subiron a un pintoresco barco para explorar as numerosas covas da Gruta Azul ao longo da costa suroeste. A cidades de Zurrieq e o pobo pesqueiro Marsaxlokk, foron outros puntos a destacar, descubrindo o mercado local e iario no porto.

Xa o último día aproveitaron para percorrer a cidade de Sliema.